

# Fala Londres 12

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Biblioteca Día do libro

Tras a creación da biblioteca de aula, demos comezo ao proceso de expurgo e recatologación dos fondos de galego da biblioteca do centro. Esta tarefa busca mellorar a organización e a accesibilidade dos recursos en lingua galega, permitíranos contar cun espazo máis útil e actualizado para toda a comunidade educativa. Grazas por contribuír a facer do galego unha lingua viva tamén entre libros!

After the creation of the classroom library, we began the process of purging and recataloging the Galician collections of the school library. This task seeks to improve the organization and accessibility of resources in the Galician language, allowing us to have a more useful and updated space for the entire educational community. Thank you for contributing to making Galician a living language also among books!

## Deportes David Cal

Na modalidade deportiva, o seleccionado galego foi David Cal Figueroa é un piragüista de velocidade que leva competindo dende 1999. Tras participar en tres Xogos Olímpicos de Verán, gañou cinco medallas, unha de ouro (C-1 1000 m: Xogos Olímpicos de Verán de 2004) e catro de prata (C-1 500 m: 2004, 2008; C-1 1000 m: 2008 e 2012; C-1 1000 m: 2012). Con esta última medalla nos Xogos Olímpicos de Londres 2012, converteuse no atleta español con máis medallas olímpicas de todos os tempos.

In the sports modality, the Galician representative was David Cal Figueroa, a speed canoeist who has been competing since 1999. After participating in three Summer Olympics, he won five medals, one gold (C-1 1000 m: 2004 Summer Olympics) and four silver (C-1 500 m: 2004, 2008; C-1 1000 m: 2008 and 2012; C-1 1000 m: 2012). With this last medal at the 2012 London Olympics, he became the Spanish athlete with the most Olympic medals of



Obradoiro de  
deseño gráfico  
GOGUE - J. ÁNGEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

@gogue

1 de abril



IE CAÑADA  
BLANCH

## Gogue no Cañada

O recoñecido debuxante grovense José Ángel Rodríguez López, máis coñecido como Gogue, visitou Londres para compartir a súa obra e experiencia co público e co alumnado. O 1 de abril, Gogue impartiu un obradoiro no IE Cañada Blanch, dirixido ao alumnado de alto rendemento en Arte.

The renowned cartoonist from Groningen, José Ángel Rodríguez López, better known as Gogue, visited London to share his work and experience with the public and students. On April 1, Gogue gave a workshop at IE Cañada Blanch, aimed at high-achieving students in Art.



# Cantareiras Infantil e Primaria



O Voluntariado da Lingua levou a cabo un obradoiro de música e baile dirixido ao alumnado de Infantil e Primaria, co fin de achegar as cantigas tradicionais galegas aos máis pequenos do centro. Durante a sesión, os nenos e nenas tiveron a oportunidade de familiarizarse coa riqueza da nosa música popular e as nosas danzas tradicionais, como a muiñeira, nun ambiente educativo e lúdico.

The Language Volunteers carried out a music and dance workshop aimed at preschool and primary school students, in order to bring traditional Galician songs to the little ones in the center. During the session, the children had the opportunity to familiarize themselves with the richness of our popular music and our traditional dances, such as the muiñeira, in an educational and playful environment.

# Letras Galegas Viaxe da lingua

Do 12 ao 16 de maio, celebramos as Letras Galegas, unha das datas máis significativas para a nosa cultura. Este ano, rendimos unha emotiva homenaxe ás cantareiras de Mens, unha das figuras máis representativas da nosa tradición musical e oral. A celebración contou cunha serie de actividades que permitiron a todos os participantes mergullarse na riqueza da nosa cultura. Do 2 ao 6 de xuño, o alumnado do Centro Galego de Londres tivo a oportunidade de realizar a súa viaxe de estudos, na que visitaron algúns dos lugares máis emblemáticos de Galicia.

From 12 to 16 May, we celebrated the Galician Literature Day, one of the most significant dates for our culture. This year, we paid an emotional tribute to the cantareiras of Mens, one of the most representative figures of our musical and oral tradition. The celebration included a series of activities that allowed all participants to immerse themselves in the richness of our culture. From 2 to 6 June, students from the Galician Centre in London had the opportunity to go on a study trip, during which they visited some of the most emblematic places in Galicia.

## GALEGAS 2025

DO 12 AO 16 DE MAIO



Cantareiras: tradición e vangarda

# ANO CASTELAO



# Ano Castelao

Con motivo do Ano Castelao, o alumnado dos cursos máis altos levou a cabo unha actividade especial para rendir homenaxe a este ilustre galego. Realizaron unha selección de láminas de Castelao, elixindo aquelas que mellor representaban a súa obra e a súa visión da sociedade galega. A esta selección acompañáronas co seu traballo de tradución ao inglés, para achegar a súa arte e mensaxe a un público máis amplo.

On the occasion of the Castelao Year, the students of two higher years carried out a special activity to pay tribute to this illustrious Galician. They made a selection of Castelao's prints, choosing those that best represented his work and his vision of Galician society. This selection will be accompanied by their translation work into English, to bring their art and message to a wider audience.





## Sargadelos

O alumnado de alto rendemento en Arte levou a cabo un proxecto fascinante no que se dedicou a estudar e recrear os icónicos deseños de Sargadelos, unha das marcas máis emblemáticas de Galicia. Esta iniciativa permitiulles aos estudantes non só adentrarse no mundo do deseño e da cerámica, senón tamén explorar unha parte fundamental da nosa tradición artística.

High-achieving Art students carried out a fascinating project in which they studied and recreated the iconic designs of Sargadelos, one of the most emblematic brands in Galicia. This initiative allowed the students not only to delve into the world of design and ceramics, but also to explore a fundamental part of our artistic tradition.

## Día de Galicia

O pasado domingo, 29 de xuño, o Centro Galego de Londres celebrou o tradicional DÍA DE GALICIA nas instalacións do IE Vicente Cañada Blanch. Foi unha xornada chea de actividades que permitiron aos asistentes gozar e revivir as mellores tradicións da nosa terra. A xornada estivo tamén acompañada de música en directo, onde non faltaron os ritmos que nos representan, así como de baile para que todos se sumaran á festa. Non podía faltar unha boa sardiñada, un dos pratos máis característicos da nosa terra.

Last Sunday, June 29, the Galician Center in London celebrated the traditional GALICIAN DAY at the IE Vicente Cañada Blanch facilities. It was a day full of activities that allowed attendees to enjoy and relive the best traditions of our land. The day was also accompanied by live music, where there was no shortage of the rhythms that represent us, as well as dancing so that everyone could join in the party. A good sardine stew, one of the most characteristic dishes of our land, could not be missed.



## Bo verán e despedida

Desexarvos un bo verán, cheo de descanso e novas experiencias. Queremos agradecer a todos os que fixeron posible todas estas actividades, sen a súa participación, nada disto sería posible. Xa non nos veremos de novo en setembro pero haberá novas iniciativas, novos proxectos e moitas máis actividades para compartir xuntos.

**Grazas por todo este tempo compartido e ata sempre!!!**

We wish you a good summer, full of rest and new experiences. We want to thank everyone who made all these activities possible, without your participation, none of this would be possible.

We will not see each other again in September but there will be new initiatives, new projects and many more activities to share together.

**Thank you for all this time shared and until forever !!!**

